



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11.18800 01710

Os alumnos dos planos de estudio de Filoloxía Románica (Italiana) aprobados no ano 1989 establecían con carácter xeral unha equivalencia de 8 créditos para as materias anuais de tres horas semanais de clase.

Non obstante, estas materias impartíanse sempre nos mesmos grupos de docencia que as da titulación de Filoloxía Románica (Francesa), do plano de 1973, que levan a mesma denominación, e que teñen o recoñecemento de 11 créditos, polo que procede facer extensivo ese mesmo recoñecemento ós alumnos de Filoloxía Románica (Italiana) –plano 1989- que as adaptan ós planos de estudos de 1994 e 2000 de Filoloxía Italiana como créditos de libre elección

Por todo o indicado Resolvo,

Primeiro.- Os alumnos que adapten as materias do plano 89 que se relacionan na táboa, poderán recoñecerselle os créditos que por cada unha delas se indica para imputar a libre elección.

Segundo.- O recoñecemento de créditos de libre elección realizarase baixo a denominación que figura na táboa segundo a materia superada.

Materias plano 89	Denominación do recoñecemento como libre elección	Núm. Créditos
114 Historia (8 cred. Opt.)	Ampliación de Historia	3
213 Lingua Latina II (8 cred. Opt)	Ampliación de Lingua Latina II	3
214 Historia da Filosofía (8 cred. Opt.)	Ampliación de Historia da Filosofía	3
312 Literatura Española III (8 cred. Opt.)	Ampliación de Literatura Española III	3

Terceiro.- o recoñecemento realizarase na UXA previa solicitude do alumno.

Disposición adicional.- Esta resolución é complementaria á do 3 de abril do 2002 pola que se aproban as táboas de adaptación dos planos de estudio de 1973(89) ós planos do 2000.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2002

O RECTOR
(Por D.R.r. do 4 de abril de 2002)
O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN


José Ramón Leis Fidalgo

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN, SR. SECRETARIO XERAL, SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. DIRECTOR DO COIE.